

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 07/02/2022
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 07/02/2022 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 31-ene-2022, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA ACCTAL

ROSA MARIA OTERO PIÑEIRO

RÉXIME INTERIOR

PRP2022/0236

Dáse conta de informe do Departamento de Informática:

INFORME: Actualmente están en funcionamento no Concello ás seguintes subscricións de lexislación tanto vía web como en formato papel, coa empresa Wolters Kluwer España S.A.:

1. BB.DD. A Lei Dixital 360, 4 usuarios concorrentes.
2. BB.DD. O Consultor dos Concellos Plus, 4 usuarios concorrentes.
3. BB.DD O Consultor Facendas Locais, 4 usuarios concorrentes.
4. BB.DD. O Consultor Licenzas Municipais, 4 usuarios concorrentes.
5. BB.DD. O Consultor Contratación Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
6. BBDD Cissonline Atlas Laboral, 4 usuarios concorrentes .
7. BBDD A lei Dixital Doctrina Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
8. BBDD O consultor “Al Día”, 4 usuarios concorrentes.

Plataforma SMARTECA, formada por:

9. Revista On-line Actualidade Administrativa, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.
10. Revista On-line O Consultor dos Concellos, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.
11. Revista On-line Contratación Práctica Administrativa, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.
12. Revista On-line Práctica Urbanística, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.

13. Libro dixital Todo Social ADENDA, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.
14. Libro dixital Todo Haciendas Locales, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes.

Aplicacións informáticas vía web:

15. Aplicación informática vía web Complylaw (1 Licenza), para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos (RGPD) en canto a documentación avaliación dos tratamentos, informes PIAS etc.

Subscricións en formato Papel:

16. A revista O Consultor dos Concellos en formato papel.
17. Todo social en formato papel.

Ademais, están en funcionamento os seguintes servizos:

- Unha web personalizada para a consulta de todos os produtos anteriores que se integrará no sistema informático municipal.
- Formación On-line gratuíta sen límite de cursos.
- Personalización das revistas On-line mediante o programa SMARTECA, 15 usuarios, 4 accesos concorrentes para cada revista.

Unha vez consultados os departamentos usuarios das subscricións anteriores (persoal, secretaria xeral, contratación, intervención etc.), manifestan o seu desexo e a necesidade de continuar co servizo das consultas de lexislación vía web anteriores.

Wolters Kluwer España S.A. distribúe os produtos anteriores en tres ofertas debido ao tipo de subscrición, tipo de IVA, formato soporte etc. As ofertas son as seguintes:

- 1.- Servizo de soporte e subscrición de produtos de consulta ON-LINE agrupados como “WES111 Páxina web personalizada” e “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel” por un prezo de 8.616,70 € IVE incluído para o período do 26/02/2022 ao 25/02/2023.
- 2.- Servizo de soporte e subscrición da aplicación informática vía web “CLW12 Complylaw” (1 Licenza), por un prezo de 924,44 € IVE incluído para o período do 26/02/2022 ao 25/02/2023.
- 3.- Subscrición en formato papel da revista “LAA16 Todo Social”, por un prezo de 278,79 € IVE incluído para o período do 30/03/2022 ao 29/03/2022.

Á Vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa WOLTERS KLUWER ESPAÑA S.A., para o ano 2022:

- 1.- Un servizo de soporte e subscrición dos produtos de consulta ON-LINE agrupados como “WES111 Páxina web personalizada” e “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel” para o período do 26/02/2022 ao 25/02/2023 por un importe de 8.616,70 € IVE incluído. A facturación deberá ser trimestral, con cargo á partida 920.22706.
- 2.- Un servizo de soporte e subscrición da aplicación informática vía web “CLW12 Complylaw” (1 Licenza) para o período do 26/02/2022 ao 25/02/2023 por un importe de 924,44 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.
- 3.- Unha subscrición en formato papel da revista “LAA16 Todo Social” para o período do 30/03/2022 ao 29/03/2023 por un importe de 278,79 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2022/0187

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Emilia Uz Prado, en representación de MERCADONA SA solicitando autorización para circulación e estacionamento de vehículo (trailer) para labores de carga e descarga no término municipal.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización de conformidade co artigo 11 da vixente Ordenanza Municipal de Circulación:

CAPÍTULO 3.—LIMITACIÓNS

ARTIGO 11

1. Os vehículos con masa máxima autorizada (MMA) superior a 12 toneladas teñen prohibida a circulación e o estacionamento polas rúas urbanas de Vilagarcía de Arousa. Exceptúanse os vehículos de servizos municipais, os autobuses de transporte colectivo urbano, escolar e de menores e os de uso discrecional.

2. En casos excepcionais poderase autorizar a circulación de vehículos con MMA. superior a establecida no parágrafo anterior, nos seguintes horarios: de 09:30 a 11:30 horas; de 15:00 a 18:00 horas e de 22:00 a 08:00 horas.

PRP2022/0245

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á sinalización dos seguintes tramos de rúas con badéns redutores de velocidade:

- Rúa Os Anxos - Carril, aproximadamente á altura do nº 45, baden, tramo de zona escolar, saída de camiño que une a rúa co centro educativo, facendo paso de peóns elevado, debido á afluencia de persoas que se concentran na zona, non habendo ningún paso de peóns nas inmediacións.

- Rúa Soutelo, nos tramos rectos e na Rúa Igrexario de Rubiáns no punto indicado na documentación anexa ao informe, chegando á curva da zona de parque.

- No tramo de Rúa Veiga do Mar en Vilaxoán, no número indicado co 1, que ven sendo o paso de peóns xa existente, preto do nº 15; os seguintes á altura aproximada das interseccións con Rúa Sartaches e Rúa Almirante Fontan.

- Na Rúa Canto de Faxilde, aproximadamente á altura do número 26.

- Na Rúa Fontecarmoa, entre o tramo da Rúa do Parque e Rúa Travesa.

- En Aralde, no tramo recto da Rúa Aralde e en Mestre Trigo e Pazos, aproximadamente á altura do nº 7.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2022/0252

Dáse conta do escrito presentado por Asociación de Comerciantes Zona Aberta, solicitando autorización para a realización das seguintes actividades:

- 3ª Edición de "Mercar na Rúa" o sábado 13 de marzo de 2022, na Praza de Galicia, en horario de 10:00 a 20:00 horas, e en caso de choiva o día 19 de marzo, no mesmo lugar e horario, así como a cesión de carpas, mesas, puntos de luz).

- 16ª Feira de Oportunidades "Expoferta Zona Aberta 2022", os días 5, 6 e 7 de agosto de 2022 na Praza da II Republica, sendo necesaria a ocupación do 1 ata o 8 de agosto.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 vixentes.

Dar conta á Policía Local e ao Servizo Municipal de Obras e Servizo de Electricidade.

PRP2022/0253

Dáse conta do escrito presentado por GREENPEACE ESPAÑA solicitando autorización para instalar unha mesa informativa o día 5 de febreiro de 2022, en horario de 16:00 a 20:00 horas na Praza de Galicia.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0255

Dáse conta do escrito presentado por dona Maria de la Cruz Cancelo Domínguez, reiterando a petición de colocación de sinalización de Rúa de unha soa dirección en Rúa Castillejos.

Visto o informe da Policía Local no que se indica que xa remataron as obras que se estaban levando a cabo na Rúa Santiago, co cal sería conveniente a colocación de sinalización vertical de anchura máxima R-204 (2,50/20 metros) nas Rúas Castillejos e Santiago.

A Xunta de Goberno Local acorda que se proceda á colocación da sinalización segundo o informe da Policía Local.

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2022/0282

Visto o escrito presentado por Dona Cheila Liliana Torralvo Costa Cadina, solicitando autorización para instalación do espectáculo circense "Evolution Circus" no Recinto de Fexdega, do 10 ao 20 de febreiro de 2022, así como a colocación de cartelería, que será retirada unha vez remate o evento. Visto o informe da Policía Local acordase conceder autorización para a instalación, dentro do recinto de FEXDEGA.

Fáise constar que se deberá cumprir en todo momento a normativa COVID existente.

A presente autorización concedese condicionada a que pola Entidade solicitante se aporte a seguinte documentación:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Ademais proponse que durante o desenrolo da actividade o solicitante se responsabilice da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixe a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Previa a instalación deberá aportar a documentación que acredite a inspección das

instalacións polo Ministerio de Industria e os requisitos que sexan de obrigación.

PRP2022/0290

Dáse conta do escrito presentado por Club Xadrez Fontecfarmao, solicitando autorización para uso do segundo andar do edificio da Comandancia da Mariña os días 12 e 19 de febreiro, 5,12,19 e 26 de marzo e 2 e 23 de abril do 2022 de 16:00 a 22:00 horas, para disputar a liga de Xadrez da tempada 2022.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizar a celebración do evento, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- Deberá darse cumprimento ás normas de prevención do COVID-19 en vigor.

Ésta autorización é de carácter temporal e está condicionada ás necesidades da administración local, así como aos prazos de demolición do edificio para o futuro centro de saúde.

PRP2022/0291

Dáse conta do escrito presentado por Clece, S.A. comunicando o incremento económico de determinados servizos nun 3.18%, quedando os novos prezos destes servizos, debido á variación que sufriu o convenio colectivo no ano 2021, do seguinte xeito:

Edificios e Instalacións Servizo de Obras: Dependencias de Obras: 607,59 €/mes IVA engadido, con cargo á partida 453.22700.

Baixos do Auditorio (Xardíns e Electricidade): 742,60 €/mes IVA engadido, con cargo á partida 334.22700.

Oficina de Turismo en Praza da Peixería: 139,19€/mes IVA engadido, con cargo á partida 432.22700.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar os novos prezos dende o 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro de 2022, facendo constar que no caso de que se retiren os protocolos COVID, poderá modificarse o tipo de limpeza a realizar nas instalacións.

PRP2022/0242

Dáse conta da resolución de transferencia finalista para o cofinanciamento dos Servizos Sociais comunitarios Municipais (PLAN CONCERTADO 2021) en concepto de persoal e SAF Básico, ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan servizos sociais comunitarios e o seu financiamento:

1 Psicóloga: 20.229,00 €

7 Traballador/a Social: 117.705,00 (6 de renovación e a financiación de 1 novo)

2 Educador/a Social: 50.445,00 € (2 de renovación e a financiación de 1 novo)

SAF prestación básica (libre concorrencia): 8.025,64€

Escola Infantil Municipal: 203.515,02€

P. específico de inclusión social dirixido a persoas sen fogar-covid19: 5.917,09€

Total asignado: 405.836,75€

Total asignado descontado remanente: 399.919,66€

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2022/0293

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por D. Abraham Carreiro Fernández (Edicións O Papagaio), para a subscripción de 4 exemplares mensuais do xornal "O Papagaio", para a rede municipal de bibliotecas, de febreiro de 2022 a xaneiro de 2023, por un importe total de 116 € (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CONTRATACIÓN

PRP2022/0254

Dáse conta de resolución da Deputación Provincial de Pontevedra pola que se declara a perda total do dereito de cobro da subvención concedida, por importe de 30.855,00 €, co obxecto do financiamento do investimento "Subministro dun sistema de cámaras con lector de matrículas para control de infraccións de tráfico" (Expte. 2019012453).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0294

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por OFTEFOR CB para a realización de traballos topográficos para comprobación dos niveis para ampliar a rede de saneamento en Rúa Agrolongo e Camiño da Regueira - Fontecarmoa, por un importe total de 423,50 € (IVE incluído), con cargo á partida 161.22799.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2022/0286

De conformidade co disposto na base 58ª das BEO 2021, dase conta á Xunta de Goberno Local dos Informes da Intervención Municipal e da Intervención delegada da Fundación de Deportes, relativos ao Período Medio de Pago (PMP), do Concello de Vilagarcía de Arousa e da Fundación de Deportes, correspondente ó 4º Trimestre 2021 e que comprende as seguintes ratios:

Descrición da Entidade	Ratio Pendentes	Operacions de	Importe de Operacions	de	Ratio de Operacions	de	Importe de Operacions	de	Periodo Medio de Pago	Medio da	Periodo Medio de Pago	Medio do
------------------------	-----------------	---------------	-----------------------	----	---------------------	----	-----------------------	----	-----------------------	----------	-----------------------	----------

	Pago	Pendientes de Pago	Pagadas	Pagadas	Entidade	Grupo
Concello de Vilagarcía Arousa	de 17,86	1.470.320,68	24,17	2.521.828,95	21,85	20,97
Fundación de Deportes Vilagarcía	de 1	135.440,21	11,94	88.235,08	5,32	20,97

PME do grupo e das Entidades:

- Período Medio de Pago do Grupo (PMPG) 20,97, atópase fora do límite legal.
- PMP da entidade Matriz (PMPEM), 21,85, atópase fora do límite legal.
- PMP da entidade Dependente (PMPOA), 5,32 atópase dentro do límite legal.

Asemade dase do cumprimento da obriga de súa remisión ao Ministerio de Facenda. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2022/0288

De conformidade co disposto na base 57^a das BEO 2021, dase conta á Xunta de Goberno Local do informe da Intervención Municipal de seguimento de execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados, (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao 4º Trimestre 2021, así como da súa remisión o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, estando a información disponible na Sede electrónica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.